

TEMA 19: A CRISE DA RESTAURACIÓN: A QUEBRA DO SISTEMA, A CRISE DE 1917, OS GOBERNOS DE CONCENTRACIÓN E A GUERRA DE MARROCOS.

A chegada ao trono de Afonso XIII trala súa maioría de idade (aos 16 anos), no ano 1902, deu comezo á segunda etapa da Restauración (1902-1923).

O desastre do 98 provocou un descontento xeral na poboación no país. O réxime da Restauración entrou nunha nova fase condicionada polas intervencións de Afonso XIII na vida política. O seu reinado estivo marcado polo espírito rexeneracionista que pretendía revisar o sistema, modificando o necesario para superar os problemas do país e adaptarse ás novas demandas sociais e políticas.

A isto hai que sumarlle unha serie de factores que desembocaron no principio do fin do sistema canovista, entre os que destacamos: a crise de liderado nos partidos dinásticos, a crecente intervención dos militares na política (algo que buscara eliminar Cánovas coa Restauración), a crecente oposición política ao sistema e o descontento social manifestado na crítica á política colonial.

- **Fraccionamento e descomposición dos partidos dinásticos** pola falta de líderes sólidos trala desaparición de Cánovas (asasinado en 1897) e Sagasta (falecido en 1903). As disensións internas foron moi frecuentes e os novos líderes (Silvela, Maura, Dato, La Cierva entre os conservadores, e Moret, Montero Ríos, Canalejas, García Prieto... entre os liberais) non foron quen de aglutinar a todos, actuando as máis das veces como simples xefes dunha facción ou familia posta a mal coas outras.

- **Crecente papel do exército** na vida política en defensa dos seus intereses corporativos e desde posturas cada vez máis conservadoras e autoritarias. A primeira das crises do reinado de Afonso XIII foi provocada polos militares. Segundo o sistema canovista, o exército debía estar sometido ao poder civil e non intervir na vida política; pero despois do 98, as críticas contra o exército xeneralizáronse causando un forte malestar entre os militares. En 1905 un grupo de militares asaltou a redacción da revista satírica Cu-Cut con motivo da publicación dun chiste alusivo á derrota do 98 e que se considerou ofensivo. Este feito, ademais de quedar impune (o Goberno non se atreveu a castigar aos culpables), tivo como consecuencia a promulgación –co consentimento do rei– dunha nova **Lei de Xurisdicións** (1906) pola que quedaban baixo xurisdición militar toda ofensa contra a unidade da patria, o exército e a bandeira. O cambio na mentalidade da clase militar era claro: de apoiar coas súas accións unha ou outra facción política liberal ao longo do século XIX, pasaron á defensa dos seus intereses corporativos e a considerarse os salvadores da patria e da unidade nacional.

- **A pervivencia e mantemento do fraude electoral e do caciquismo**, cada vez máis insoportable para a opinión pública. Malia que Maura intentou aplicar as receitas do **rexeneracionismo** de Joaquín Costa, coa súa "revolución desde arriba" para o control das "masas neutras" co obxectivo de crear un Estado forte afastado do poder dos caciques pero tamén da participación das clases populares, os partidos da quenda non foron quen de aplicar as reformas que acabasen coa corrupción e co caciquismo inherentes ao réxime. O fracaso máis soado se cadra é a Lei electoral de 1907, que co seu artigo 29 perpetuaba o control caciquil dos votos.

- **A crecente contestación política** ao sistema e o auxe do republicanismo e dos nacionalismos periféricos, que aproveitaron o "Desastre" para poñer de manifesto a incapacidade dos gobernos da quenda para modernizar o país. As clases medias amosáronse cada vez máis críticas co sistema político vixente, e apoiaron ao republicanismo e aos nacionalismos, rompendo o monopolio dos partidos dinásticos. Dentro desta oposición política cómpre salientar as seguintes forzas:

→ **Os republicanos:** son a principal forza de oposición e teñen unha base social que vai das clases librepensadoras (vinculadas á Institución Libre de Ensinanza) ata as clases populares. Destacan a Unión Republicana de Salmerón e o Partido Radical de Lerroux fundado en 1908. este último terá un discurso demagórico, anticlerical e revolucionario e tentará aproveitarse do descontento social contra a guerra de Marrocos.

→ **Os socialistas:** trala súa coalición electoral con outras forzas republicanas verán incrementados os seus apoios e en 1910 Pablo Iglesias farase cun escano no Congreso de Deputados. Paralelo ao crecemento do partido vai tamén o do sindicato UGT.

→ Os nacionalismos: fundamentalmente o catalán; nel será fundamental a fundación da Lliga Regionalista liderada por Prat de La Riba, que cun carácter conservador buscará o recoñecemento da autonomía para Cataluña, conseguindo que en 1912 Canalejas aprobe a Lei de Mancomunidades. Pola súa parte o nacionalismo vasco irá moderando o seu discurso intentando atraer á burguesía, e aínda que sen participar nas eleccións xerais, si conseguen representación nos concellos e nas deputacións. En canto ao caso galego destaca neste período a fundación de Solidariedade Galega, a semellanza da Solidaritat Catalana.

- **Incremento da conflictividade social.** As difíciles condicións de vida e traballo das clases populares xunto coa dura represión exercida pola patronal e o Goberno ás súas demandas, fixeron que o movemento obreiro tivese unha forte carga revolucionaria contra o sistema. Nas rúas, as folgas e a violencia foron unha constante e con frecuencia acababan con mortos e feridos. Os atentados anarquistas foron moi frecuentes e graves, e alcanzaron tanto ao rei como aos xefes de Goberno (Maura, Canalejas e Dato, estes dous últimos asasinados en 1912 e 1921 respectivamente), a empresarios e a eclesiásticos.

- As sucesivas **derrotas militares** na ocupación do norte de Marrocos.

Sen dúbida, en relación cos dous últimos factores o feito máis significativo foi a **Semana Tráxica** (xullo de 1909). Foi a primeira crise grave que sofre o sistema da Restauración tras a Guerra de Cuba. Foi unha explosión do descontento popular motivada polo embarque dos reservistas destinados ao Rif no porto de Barcelona. Entre os amotinados había anarquistas, republicanos e catalanistas que tomaron as calles da cidade durante unha semana. Aparece o anticlericalismo pois iníciáanse ataques contra a Igrexa queimando conventos e esnaquizando os seus bens xa que a Igrexa beneficiaba aos intereses das clases dominantes. Maura responde a isto cunha forte represión (fusilamento de Ferrer i Guardia) o que provoca importantes protestas e a súa saída do goberno forzada por Afonso XIII, e apoiada polos liberais, comezando a ruptura da quenda de partidos .

Todos estes factores provocaron o deterioro progresivo do funcionamento do sistema e a existencia de crises políticas e sociais cada vez máis graves (como as de 1909 e 1917) que minaron a monarquía constitucional e facilitaron o golpe de Estado de 1923.

A segunda década do século xx comezara en España coa caída do goberno de Maura (tralo acontecido na Semana Tráxica) e pouco despois co asasinato do seu sucesor, Canalejas. Así as cousas, en 1914 estala a I Guerra Mundial, na que España vai ser neutral. esta neutralidade sérvelle para converterse en subministrador de produtos aos países belixerantes. Isto permitiu un despegue da economía española, pero tal crecemento trouxo consigo unha inflación dos prezos que non foi acompañada dun incremento igual nos salarios. Creábase así unha brecha salarial e unha perda de poder adquisitivo que prexudicou sobre todos ás clases medias e traballadoras. Isto traería consigo unha serie de consecuencias que

acabarían levando ao fin do sistema da Restauración. O epicentro desta crise ten lugar en 1917.

Nese ano, 1917, produciuse a crise máis profunda do sistema político da Restauración, resultado da confluencia de tres tipos de conflitos: o militar, o político e o social.

- **A crise militar: as Xuntas de Defensa.** A finais de 1916 o exército, ante o proxecto de reforma militar que pretendía modernizalo reducindo o excesivo número de oficiais, con salarios que absorbían unha gran parte do orzamento, crea as Xuntas de Defensa. Tratábase de asociacións de carácter corporativo formadas por oficias de pequena e media escala para defender os seus intereses profesionais e económicos, pero a súa vocación de intervir na política era evidente. Entre as súas reivindicacións salientaban os cambios no sistema de ascenso (xa que só se premiaban os méritos de guerra), a mellora da situación económica (os seus salarios eran escasos), a mellora do orzamento militar, pero tamén a defensa do honor dos militares fronte as críticas, a represión contra socialismo e anarquismo e a defensa da unidade nacional. En xuño de 1917 presentaron un ultimato ao Goberno coñecido como o “Manifesto das Xuntas” e este, polo temor a un golpe de estado, dobregouse ante as súas esixencias.

- **A crise política: a Asemblea de Parlamentarios.** O goberno conservador de Dato, ante a situación de crise provocada polas xuntas do exército, suspendeu as garantías constitucionais, clausurou as Cortes e impuxo a censura de prensa. Como reacción, e por iniciativa da “Lliga Regionalista”, organizouse en Barcelona a Asemblea de Parlamentarios cataláns (xullo de 1917), desde a que se convocou a unha reunión de todos os deputados e senadores españois, pero a maioría non responderon á convocatoria, e dos 760 citados unicamente acudiron 71, na súa maioría republicanos e socialistas. O Goberno prohibiu a reunión, que acabou tendo lugar o 19 de xullo e foi disolta finalmente pola Garda Civil. A asemblea acordou a necesidade de formación dun goberno provisional e a celebración de Cortes que reformasen a Constitución en sentido descentralizador e aprobasen a autonomía para Cataluña. O movemento asembleario non tivo continuidade e morreu sen ter conseguido a reforma constitucional por mor da negativa das forzas monárquicas a participaren no seu programa.

- **A crise social: a folga revolucionaria.** En marzo de 1917 as organizacións obreiras (UGT e CNT) asinan un manifesto convocando unha folga xeral. No seu manifesto pídese formar un goberno provisional e convocar eleccións a Cortes Constituíntes. A folga debería servir para acabar co réxime e implantar unha república democrática. Esta tivo lugar en agosto pero a súa incidencia foi desigual, sendo maioritaria entre proletariado de Asturias, Barcelona e País Vasco (principais centros industriais) sen apenas impacto nas zonas rurais. O Goberno exerceu unha dura represión: lei marcial, emprego de armas de fogo para disolver as manifestacións e detencións masivas.

A esta triple crise o goberno tentou responder coa formación de **gobernos de concentración**, compostos por distintas personalidades e con representación de varios grupos políticos. Estes gobernos despertaron certas esperanzas para a renovación do sistema político pero demostraron ser gobernos débiles e de escasa duración. Incapaces de facer fronte aos problemas recorreron en non poucas ocasións, a medidas excepcionais como o peche das Cortes, a suspensión das garantías constitucionais e o recurso ao exército para a represión dos conflitos.

Esta inestabilidade governamental non contribuíu a tranquilizar a conflictividade social. Ao contrario, esta incrementouse. A crise social, agudizada pola recesión económica da

posguerra mundial e o influxo da revolución rusa de 1917 favoreceu un enorme crecemento dos sindicatos. En Andalucía coñécese ao período 1918-1920 como o **trienio bolxevique**, coa intensificación das mobilizacións campeciñas e a ocupación e repartición de terras dirixidos polos dous grandes sindicatos (CNT e UGT); revoltas que desembocarán nunha forte represión por parte do goberno. No mundo urbano e industrial a conflictividade provocou a radicalización das posicións da patronal e os sindicatos. Os grupos anarquistas desenvolveron unha actividade violenta a través de atentados contra o capital. A resposta da patronal foi o **pistolerismo** e o fomento dos sindicatos libres. O período que vai dende 1917 ata 1923 contará cun número moi elevado de mortos e feridos

En terceiro lugar a escalada do conflito en Marrocos acabaría por poñerlle a puntilla final ao réxime restaurador. Unha manobra do xeneral Silvestre durante a ocupación de Alhucemas levou ao **desastre do Annual no 1921**, lugar onde as tropas foron contraatacadas polos indíxenas dirixidos por Abd El- Krim con inmensa brutalidade, e que por tanto provocou miles de mortos. Esta actuación produciu un forte impacto na opinión pública e levou á procura de responsabilidades a través do **expediente Picasso** que implicaba a dirixentes políticos, militares e incluso ao rei. Con todo, a incapacidade do sistema de rexenerarse e o cúmulo de problemas, favoreceu no 1923 o golpe de estado de Primo de Rivera.



TEMA 20: A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (GOLPE DE ESTADO E ETAPAS: DELIMITACIÓN TEMPORAL E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS)

A ditadura de Primo de Rivera foi o réxime político que houbo en España dende o golpe de Estado do capitán xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, o 13 de setembro de 1923, ata a dimisión deste o 28 de xaneiro de 1930 e a súa substitución polo goberno de Dámaso Berenguer.

As causas:

Diversos factores explican que a ditadura militar comezara a contemplarse como unha solución á crise entre a alta burguesía, gran parte das clases medias e o Exército.

- Un deles foi o descontento do exercito tras o desastre de Annual ocorrido en Marrocos e o afán de evitar as consecuencias do expediente Picasso para algúns importantes xenerais, entre eles Berenguer, e incluso o propio rei Afonso XIII.

- Outro factor foi a auxe dos nacionalismos periféricos e ascenso dos republicanos e do movemento obreiro, todos eles con posturas cada vez máis radicalizadas. Ademais, o número cada vez mais elevado de prácticas terroristas cun elevado número de vítimas provocaba un forte impacto na sociedade.

- Por último, o triunfo do fascismo Italiano tras a Marcha sobre Roma en 1922 e o ascenso ao poder de Mussolini constituíu un importante exemplo para a situación española do momento.

Así as cousas, en **Setembro de 1923**, **Miguel Primo de Rivera**, nese momento capitán xeneral de Cataluña, acaudillou un golpe de Estado en contra do goberno constitucional, que non atopou apenas oposición; e resumiu as súas intencións nun manifesto no que se presentaba como unha especie de “**cirurxián de ferro**” que cortaríase os males do país e, unha vez que se retornara á normalidade, restauraría a orde constitucional. A súa Ditadura sería pois, un réxime transitorio para resolver os graves problemas que padecía a sociedade española: o caciquismo, a desorde social e o separatismo nacionalista.

A ditadura respondía así ao que historiadores, como Raymond Carr e Shlomo Ben Ami, cualificaron de instrumento das clases dominantes para manter o seus privilexios perante a ameaza dunha revolución social, a costa de sacrificar o modelo democrático e substituílo por unha ditadura que entendía de carácter transitorio.

Os apoios:

O golpe contou inicialmente cunha ampla aceptación popular, explicable polo elevado malestar político e social existente en España, e porque se presentaba como unha medida excepcional e transitoria para solucionar os graves problemas vixentes. Os apoios á Ditadura viñeron da man das forzas políticas conservadoras, así como dos terratenentes, a burguesía industrial e financeira, e os pequenos e medianos propietarios agrícolas.

A UXT e o PSOE mantiveron ata 1929, unha posición de non enfrontamento e mesmo de achegamento, o que lles permitiu participar na elaboración da nova lexislación laboral e consolidar a súa presenza no mundo obreiro; pola contra, o Partido Comunista e a CNT mantiveron desde os seus inicios, unha oposición aberta á Ditadura. Así mesmo, amosáronse críticos coa situación os intelectuais, os estudantes, os republicanos e algúns dos vellos políticos monárquicos.

As etapas:

O seu goberno divídese en dúas etapas:

1ª) Directorio Militar (1923-1925):

Tras o golpe, o ditador Primo de Rivera constituíuse no ministro único, pasando a ser asesorado por un Directorio Militar (composto exclusivamente de militares). Tras o novo goberno estaba o mesmo bloque de poder que dominara o país durante a Restauración, a oligarquía de terratenentes e industriais. O ditador tomou rapidamente medidas:

- Represión dos nacionalismos. Prohibición da bandeira e himno catalán e restrición da lingua catalá ao terreo privado.
- Política de ``man dura`` en todo referente á orde pública, reprimindo folgas e manifestacións e perseguindo as manifestacións do terrorismo anarquista.
- Formación da Unión Patriótica, partido único baixo a dirección dun militar. Tratábase de seguir o modelo fascista de Mussolini en Italia.
- Grande éxito do Directorio tivo lugar en África. O Desembarco de Alhucemas en 1925 puxo fin á resistencia das cábilas do Rif. O seu líder Abd-el-Krim entregouse ás autoridades do Marrocos francés.

2ª) Directorio Civil (1925-1930): □

• A finais de 1925, un goberno civil, presidido por Primo de Rivera, substituíu ao Directorio Militar. Tratábase de **institucionalizar a Ditadura**. En 1927, constituíuse una **Asamblea Nacional Consultiva**, formada na súa maioría por membros da Unión Patriótica elixidos por sufraxio restrinxido. Primo continuaba a seguir o modelo italiano, neste caso o Consello Fascista. Esta Asemblea fracasou rapidamente no seu intento de redactar unha lei fundamental que fixera o papel da Constitución da ditadura. Pero o Estatuto Fundamental da Monarquía non saíu adiante, xa que contou coa oposición dos vellos políticos dinásticos, coa negativa dos socialistas a colaborar e coas reticencias do propio monarca.

• Tamén imitou o modelo social do fascismo italiano, establecéndose a **Organización Corporativa Nacional**, especie de sindicato que trataba de arbitrar entre patróns e obreiros mediante a creación dos comités paritarios para o que contou coa colaboración dos socialistas que a consideraron vantaxosa para consolidar tanto o partido como o sindicato.

• **A política económica** da ditadura caracterizouse polo **intervencionismo estatal e o nacionalismo económico**. Primo de Rivera nomeou ministro de economía a José Calvo Sotelo, quen será o encargado de por en práctica esta política de corte autárquico. Os seus obxectivos foron impulsar a industria nacional mediante uns elevados aranceis proteccionistas e a concesión de axudas ás grandes empresas. Tamén creou grandes monopolios estatais (CAMPESA, Telefónica) e desenvolveu grandes inversións na construción de obras públicas. Este foi un dos aspectos máis destacados desta etapa (obras de regadío, construción de encoros para a produción de enerxía eléctrica). Aínda que se beneficiou da conxuntura expansiva internacional da década dos vinte, esta política de gasto público obrigou a un incremento moi importante da débeda pública que pasará factura ao estado coa crise mundial de 1929.

A partir de 1926, a ditadura empezou a perder apoios e aumentaron a crítica e a oposición das que non se librou Afonso XIII. Os partidos da alternancia e os republicanos comezaron a mostrar a súa oposición ao réxime; intelectuais, escritores e xornalistas enfrontáronse ao ditador a pesar da censura; tamén o fixeron universitarios e nacionalistas. Finalmente Primo de Rivera, falto de apoios, incluso dos militares (descontentos desde a disolución do corpo de artillería) e do rei, cunha imaxe que quedou ligada ao réxime ditatorial presentou a súa dimisión en xaneiro de 1930.

TEMA 21: O ESTABLECEMENTO DA II REPÚBLICA (FORZAS POLÍTICAS E CONSTITUCIÓN DE 1931)

Tras a dimisión do ditador Miguel Primo de Rivera o 29 de xaneiro de 1930, tivo lugar unha serie de gobernos que tentaron devolver ao debilitado réxime monárquico á senda constitucional e parlamentaria, a pesar da febleza dos partidos dinásticos. Afonso XIII nomea presidente do goberno a Dámaso Berenguer. Este período será coñecido como ditablanda debido ás pretensións do presidente de restablecer o sistema de 1876. A lentitude na aplicación de reformas foi a causa do fracaso de Berenguer. Durante o seu goberno, tivo lugar o **Pacto de San Sebastián** (17 de agosto de 1930). Nel, forzas republicanas de centro dereita (Alcalá Zamora), de esquerda (Manuel Azaña), rexionalistas (Casares Quiroga da ORGA), intelectuais ao servizo da República (Ortega y Gasset) e outras personalidades políticas de ideoloxía socialista (Largo Caballero, Indalecio Prieto) ou nacionalista (os catalanistas de Esquerza Republicana), acordaron a estratexia para poñer fin ao reinado de Afonso XIII e instaurar a República. Ademais, en decembro dese ano, tiveron lugar varios intentos frustrados de impoñer a República pola forza. O máis salientable foi o acontecido en Jaca, levado a cabo polos capitáns Galán e García Hernández. O resultado foi a detención e o fusilamento destes militares. Outro intento foi o do aeródromo de Cuatro Vientos.

Berenguer foi remplazado polo almirante Juan Bautista Aznar en febreiro de 1931. O novo goberno convocou, o 12 de abril, eleccións municipais. Estas adquiriron un carácter de plebiscito a favor ou en contra da monarquía. O triunfo das candidaturas republicanas (os asinantes do Pacto de San Sebastián) nas grandes cidades e capitais de provincia propiciou a proclamación da 2ª República o 14 de abril de 1931. O primeiro concello en facelo foi Eibar (Guipúscoa) e a noticia espallouse con rapidez nesa mañá, a través do telégrafo, por toda España; as novas autoridades daban a noticia á multitude congregada diante das respectivas casas consistoriais. En Galicia, a candidatura republicano-socialista triunfou naqueles puntos onde a presenza obreira e republicana era máis activa (Ferrol, Vigo, A Coruña). En Barcelona, Luís Companys proclama a república desde o concello de Barcelona; pouco máis tarde Francisco Maciá desde a Deputación, facéndose eco das aspiracións nacionalistas, proclama a República catalá e o Estado catalán como Estado integrante da Federación Ibérica e invitaba aos demais pobos de España a unirse á federación.

O primeiro goberno republicano (deseñado no Pacto de San Sebastián) estará presidido por Niceto Alcalá Zamora e os seus membros representaban ás principais forzas da Conxunción Republicano-Socialista: republicanos conservadores, de esquerda e radicais, socialistas e nacionalistas cataláns e galegos. A marxe da coalición quedaban a dereita monárquica, os nacionalistas vascos e o obreirismo máis radical (comunistas e socialistas).

Comezaba así un novo réxime político que tiña como obxectivo democratizar e modernizar España.

A instauración da República coincidiu cos efectos da crise mundial de 1929, aínda que estes foron menores ca noutros países. A depresión económica internacional da década dos 30 obstaculizou a consolidación da democracia e favoreceu o ascenso dos fascismos en Europa. No caso da República española, esta viuse prexudicada xa que as dificultades económicas supuxeron un atranco para o desenvolvemento orzamentario dalgunhas das reformas levadas a cabo durante o primeiro bienio. Ademais xurdiron forzas contrarias á democracia e legalidade republicanas dentro dese contexto europeo de ascenso dos fascismos.

Pero neste novo xogo político que se instaura en España podemos distinguir catro grupos de forzas políticas, en función non só do seu espectro ideolóxico (dereitas-esquerdas), senón tamén da súa postura a favor ou en contra da República.

- **Republicanos:** pequena burguesía urbana e moitos intelectuais. Defenden a república como forma de Estado, o laicismo e o reformismo en distintos grados. De ámbito estatal, entre os republicanos de dereitas están a **Dereita Liberal Republicana** (1930, dirixida por Niceto Alcalá Zamora); e unha formación de centro-dereita, o **Partido Republicano Radical** de Alejandro Lerroux. Estes partidos derivaron a posicións conservadoras e contrarias a algunhas das reformas do goberno republicano. Republicanos de esquerdas son: **Acción Republicana** (1925, de Manuel Azaña) e o **Partido Republicano Radical Socialista** (1930, de Marcelino Domingo). No ámbito rexional destacan 1) **Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA)**, 1929, liderada por Santiago Casares Quiroga). Estas tres organizacións agrupáronse a partir de 1934, en **Esquerda Republicana**. 2) **Esquerda Republicana de Catalunya** (de Luís Companys e Francesc Macià). Estes partidos non mantiveron posturas revolucionarias. En 1931 nacerá o **Partido Galeguista** (Castelao)

- **Partidos obreiros (esquerdas):** proletariado urbano (obreiros) e rural (campesiños e xornaleiros agrícolas). Defenden os intereses das clases traballadoras, piden a abolición da propiedade privada e das diferenzas de clase, oscilan entre o apoio e a oposición aos gobernos republicanos. Distínguense: **PSOE**, que medrará de xeito espectacular durante a 2ª República, distinguíndose no seu seo dúas tendencias, unha socialdemócrata, dirixida por Indalecio Prieto (partidaria de retrasar os plantexamentos revolucionarios) e outra máis radical, liderada por Largo Caballero (secretario xeral da UGT) que consideraba a República como un camiño cara ao socialismo. Máis á esquerda estaba o **PCE** (Partido Comunista de España). Os anarquistas están representados polo sindicato **CNT** (Confederación Nacional de Traballadores) e a **FAI** (Federación Anarquista Ibérica), corrente máis radical e revolucionaria que defendía a vía insurreccional e armada. Tamén hai que contar aquí co **POUM** de Andrés Nin, de orientación trostkista.

- **Os partidos conservadores e católicos tradicionais** desmoronáronse trala proclamación da República; e só sobreviviron unha multitude de pequenos grupos. A súa base social está formada por pequenos e medianos propietarios agrarios e a burguesía urbana. Defenden unha visión cristiá da vida, os dereitos da Igrexa, a propiedade privada e a orde tradicional. Entre estes grupos cabe sinalar ao **Partido Agrario**, e **Acción Popular**, base da **CEDA** (Confederación Española de Dereitas Autónomas) coalición electoral creada en 1933, por Gil Robles). Tamén os nacionalismos presentarán partidos conservadores; así en Cataluña destacar a **Liga Catalana** (novo nome da Liga Rexionalista desde 1933); e no País Vasco, o **Partido Nacionalista Vasco**.

- **Contrarios á República e claramente autoritarios:** non aceptaron a legalidade republicana, decláranse antimarxistas e defenden a unidade da patria, a orde social e o catolicismo. A base social destes grupos políticos está formada pola oligarquía terratenente xunto coa alta burguesía financeira e industrial. Hai que distinguir entre os monárquicos de **Comunión Tradicionalista** (formada polos carlistas) e **Renovación Española**, liderada por José Calvo Sotelo, e que defenderá a necesidade dun golpe de Estado para acabar coa República; e os grupos de corte fascista, que en 1931 crearon as **Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista (JONS)**, que en 1934 se unirán a **Falange Española (FE)**, creada por José Antonio Primo de Rivera en 1933. En 1934, ámbalas dúas formacións únense como FE de las JONS. Estes últimos presentan unha ideoloxía antidemocrática, un nacionalismo español e a organización de grupos paramilitares de acción directa para enfrontarse aos militantes de esquerda.

O Goberno Provisional tiña como obxectivo prioritario convocar eleccións xerais a Cortes constituíntes dunha soa cámara, para dotar á república dunha constitución. Mantívose o sufraxio universal masculino, pero rebaixouse a idade mínima de voto aos vinte e tres anos. Foron as primeiras eleccións autenticamente libres e limpas en España. Estas eleccións celebráronse o 28 de xuño e deron de novo o triunfo á alianza republicano-socialista, polo que o Goberno non se modificou mentres non se aprobaba a constitución.

A **Constitución republicana de 1931** declara a España como unha República Parlamentaria de traballadores de toda clase e laica, con **separación entre Igrexa e Estado**. Un **Estado integral** onde cabe a posibilidade de crear un Estado autonómico alí onde se solicite (o proceso recollía tres pasos: 2/3 dos concellos, referéndum e aprobación en Cortes). Algúns dos seus trazos máis característicos son: o **sufrexio universal masculino e feminino** (art. 36, levado á práctica por primeira vez en 1933), soberanía popular, unha **ampla declaración de dereitos** nos que aos dereitos individuais clásicos se lle unen a liberdade de reunión, asociación, dereito á educación, dereitos de tipo social que significan un avance significativo respecto ás anteriores constitucións. O **Presidente da República** sería elixido polas Cortes (órgano unicameral) por un período de 6 anos e ten a potestade de nomear ou destituír ao Presidente de Goberno, pero sempre coa conformidade das Cortes (pero non máis dunha vez, sen causa xustificada, durante o seu período de mandato) . Un sistema de controis mutuos entre as Cortes e a Presidencia da República. Tamén establece un modelo de economía no que asumía o principio de que a riqueza do país quedaba subordinada aos intereses da economía nacional e, anda que garantía o dereito á propiedade privada, establecía a **posibilidade da expropiación**, abrindo así a posibilidade da reforma agraria. Tamén concedía ao Estado a posibilidade de intervir e dirixir os asuntos económicos e abriu a posibilidade de nacionalización de certos sectores da economía.

TEMA 29: AS PRINCIPAIS REFORMAS DA II REPÚBLICA

Trala proclamación da Segunda República o 14 de abril de 1931, convócanse eleccións a cortes constituíntes para finais de xuño, que deron a maioría ós grupos pro-reformistas dos partidos centristas republicanos e PSOE (aos que asinaron o Pacto de San Sebastián). Aprobán a Constitución de 1931, que definía a España como un estado democrático, laico, cun presidente de República, un goberno responsable ante o Congreso, sufraxio universal total e cunha estrutura do territorio unitaria con posibilidade de estatutos de autonomía. Como presidente da república foi elixido Niceto Alcalá Zamora, que encargou a Manuel Azaña que formase goberno. Azaña optou pola alianza dos republicanos de esquerda e os socialistas para gobernar.

Comeza así a primeira etapa republicana, o coñecido como **bienio republicano-socialista ou bienio reformista**. O proceso de reformas comeza xa no goberno provisional (entre abril e xuño de 1931) e esténdense durante os seguintes dous anos. As reformas pretendían transformar, democratizar e modernizar as estruturas sociais, políticas e económicas herdadas da Restauración e atopáronse coa oposición dos grupos oligárquicos que detentaban dito poder. Ademais, estas reformas veranse afectadas pola conxuntura económica da II República, condicionada polo crack do 29, que dificultou a obtención de fondos para a súa financiación.

Reforma militar:

Foi Azaña quen emprendeu a reforma do exército en profundidade con tres obxectivos básicos: Eliminar o poder político dos militares. Reducir o número de oficiais, corpos e unidades. Aumentar a súa eficacia.

Basicamente consistían nunha reestruturación do exército. Debido a que durante a ditadura de Primo de Rivera se promocionaron os ascensos tanto por méritos como por antigüidade, a estrutura adoeceía dunha macrocefalia excesiva facéndoa inoperante e terriblemente cara. Para iso este conxunto de medidas formaron a “Lei Azaña”, desenvolta principalmente no goberno provisional, mediante decretos asinados por Azaña como ministro da Guerra, que establecía:

- Lei de Xuramento de fidelidade á República: para afastar a todos aqueles de tendencias golpistas.; supresión da Lei de xurisdicións;
- Lei de retiro voluntario: establecemento do dereito de xubilación remunerada para todos aqueles que non quixesen prestar xuramento.
- Reorganización xeral das unidades do exército e das súas circunscricións e supresión da Academia Militar de Zaragoza (que dirixía Franco desde 1928) coa finalidade de evitar que se seguise crescendo o número de oficialidade.
- Servizo militar de 4 semanas para os universitarios.

Por temor, o goberno non se atreveu a suprimir a Garda Civil e para realizar funcións de policía urbana e protectora da República, preferiu crear os Gardas de Asalto. Finalmente recortan a Lei de xurisdición de 1906. Esta reforma provocou a crispación de moitos sectores do exército, sobre todo ós africanistas., que argumentaban, ademais de motivos de carácter persoal, o seu descontento co proceso de creación das autonomías, nas que vían o inicio da disolución da integridade da patria.

Reforma relixiosa:

A Igrexa sempre tivera en España unha posición privilexiada e agora quería reducirse a súa influencia na educación, na política e na economía. O obxectivo era secularizar a vida social, separando Estado da Igrexa, deixando as prácticas relixiosas para o ámbito privado. As reformas comprenderon medidas como:

- Establecemento dun Estado non confesional, con liberdade de cultos e supresión de orzamento para culto e clero (Artigo 26 da Constitución, obxecto dun tenso debate nas Cortes).
- Prohibición ao clero para exercer a ensinanza. Obrigación de contar cun permiso da autoridade civil para calquera cerimonia de culto en público (p.ex. procesións)
- Disolución da Compañía de Xesús.
- Recoñecemento do divorcio, o matrimonio civil e a secularización de cemiterios.
- Lei de Congregacións: limita a posesión de bens e posibilidade de disolución se son perigo para o Estado.

Estas medidas crearon a hostilidade da Igrexa contra o goberno republicano.

Reforma territorial:

Un dos problemas que se arrastraba desde a Restauración era a organización territorial do Estado, debido ás aspiracións das rexións con sentimentos nacionalistas ou autonomistas. A constitución intentou resolvelo mediante o recoñecemento do dereito á autonomía das rexións. Para logralo debían cumprir tres requisitos: un proxecto presentado por alomenos 2/3 dos municipios ou daqueles con 2/3 da poboación desa rexión; a aprobación en referéndum por 2/3 dos votantes; a aprobación en Cortes. Houbo tres estatutos aprobados polo goberno republicano

Cataluña foi a primeira en iniciar o proceso, partindo a iniciativa de Esquerza Republicana. En xuño de 1931 foi elaborado o Estatuto de Nuria, que se aprobou en plebiscito polo 99% dos votantes cataláns. O seu debate nas Cortes alongouse ata setembro de 1932 cando se aprobou o Estatuto catalán e creábase a Generalitat, cuxo presidente sería Francesc Maciá, substituído á súa morte por Lluís Companys.

No caso do **País Vasco**, o catolicismo do PNV enfrontarao ao goberno republicano-socialista. Un primeiro proxecto de Estatuto, o de Estella, non foi aprobado por anticonstitucional (non recoñecía dereitos políticos aos emigrantes chegados de fóra do País Vasco). Finalmente aprobarase o Estatuto en 1936, coa Fronte Popular, e o lendakari será José Antonio Aguirre.

En canto a **Galicia**, o proxecto de estatuto municipalista terá que esperar a xuño de 1936 para ser aprobado en referéndum e grazas a Castelao será levado a Cortes no verán dese ano. Pero a guerra evitou que chegase a ser posto en práctica.

Outros estatutos, valenciano, andaluz, non chegaron a dar máis que o primeiro paso.

Reforma educativa:

O obxectivo era lograr unha educación: laica, liberal e estendida a toda a poboación. Para iso procedeuse a:

Creación de novas escolas e contratación de mestres. Establecemento do ensino mixto. Relixión non obrigatoria nas escolas. Creación das Misións Pedagóxicas para levar a educación alí onde non puidesen construírse escolas.

Reforma social:

Trataron de mellorar a situación dos obreiros fomentando reformas nas negociacións dos contratos de traballo decretando seguros sociais e favorecendo a actividade dos sindicatos (Xurados Mixtos). Estas reformas non chegaron a contentar ós obreiros e xornaleiros, pero molestaron moito ós empresarios e terratenentes.

Reforma agraria:

Aquí hai que distinguir por unha parte os decretos agrarios impulsados por Largo Caballero durante o goberno provisional e por outra a lei de Bases de Reforma Agraria de Marcelino Domingo (1932).

- **Decretos de Largo Caballero:** Decreto de Termos Municipais. Decreto de laboreo forzoso. Xornada de 8 horas, Xurados Mixtos, salarios mínimos e Lei de Accidentes de Traballo. Prohibición de desafiuzar ós arrendatarios.

- **Lei de Reforma Agraria:** establecía que se podía expropiar terras se así eran de interese para o estado, coa finalidade de distribuílas entre o campesiñado. Podíanse expropiar sen indemnización as terras dos Grandes de España. E con indemnización: as mal cultivadas, as arrendadas sistematicamente e as non regadas. Para xestionar isto creouse o IRA.

Os resultados foron limitados a causa de: lentitude burocrática, escaseza de medios técnicos, resistencia de propietarios, chegada da dereita ao goberno.

Estas reformas foron paralizadas coa chegada das dereitas ao poder (novembro de 1933: goberno de Lerroux co apoio da CEDA), sobre todo o proceso de constitución de novas autonomías (Pais Vasco e Galicia) e a reforma agraria. Durante este bienio radical-cedista tamén se devolveu o orzamento ao clero.

Haberá que esperar ao triunfo da Fronte Popular (1936) para que as reformas paralizadas se retomen.



TEMA 22: A GUERRA CIVIL: SUBLEVACIÓN, BANDOS EN CONFLICTO E A SÚA DIMENSIÓN INTERNACIONAL.

As eleccións de febreiro de 1936 foron gañadas pola Fronte Popular e Azaña e Santiago Casares Quiroga, foron elixidos como presidente da República (substituíndo a Alcalá Zamora) e como presidente do Goberno respectivamente. Este triunfo non foi aceptado polas dereitas, que comezaron a cuestionar a súa legalidade e desde a Falanxe e as xuventudes de Acción Popular e do Bloque Nacional de Calvo sotelo trasladouse este enfrontamento ás rúas. Comezou así a organizarse unha conspiración cívico-militar na que ademais de militares como Sanjurjo, Queipo de Llano e Mola (este último o Director do golpe) toman parte tamén líderes das dereitas (Calvo Sotelo), a Falanxe, os carlistas e os monárquicos e personaxes do mundo financeiro (coma Juan March, que desde o exilio financia o voo do Dragon Rapide que traslada a Franco desde Canarias cara Marrocos). O goberno republicano tratou de desmantelar a trama golpista realizando cambios e traslados nos altos mandos sospeitosos de participar na conspiración. Os que máis receos espertaban no Goberno eran Franco (que foi destituído como xefe do Estado Maior e afastado ás Illas Canarias), Goded (destinado ás Baleares) e Mola (trasladado a Navarra). A xefatura suprema da sublevación quedaría en mans do xeneral Sanjurjo.

O 12 de xullo grupos armados de dereitas asasinan en Madrid ao oficial da Garda de Asalto, o tenente Castillo. Ao día seguinte compañeiros de Castillo vingan a súa morte asasinando ao líder das dereitas José Calvo Sotelo. Isto acelera a posta en marcha do golpe. O venres 17 de xullo Franco encabeza o golpe nas guarnicións do norte de África. Ao día seguinte esténdense a outros cuarteis peninsulares. Triunfou en parte de Andalucía, onde o xeneral Queipo de Llan se fixo co poder en Sevilla. O xeneral Mola ocupou Navarra. En Zaragoza, o xeneral Cabanellas logrou dominar a maior parte de Aragón. A rebelión militar tamén se fixo co poder en Castela e León, A Rioxa, Galicia, Canarias, Mallorca e parte de Extremadura.

Nas grandes cidades, Madrid, Barcelona, Valencia e nas zonas industriais e obreiras de Asturias, País Vasco e Cataluña abortouse a sublevación militar. Nestes sitios, parte do exército e das forzas de orde pública, Garda de Seguridade e Asalto e Garda Civil, mantivéronse fieis á república, ao que se engadiu a fundamental e forte resistencia popular de milicianos das organizacións políticas e sindicais. Tras fracasar o intento de negociación cos sublevados, o goberno da República dirixido por José Giral dera a orde de repartir armas aos militantes das organizacións obreiras. Aínda que o golpe fracasa marca o inicio da guerra civil.

A raíz do conflito xorden dous bandos: o bando rebelde ou dos sublevados (chamados así mesmos "nacionais"), formado por oficiais intermedios do exército de Terra, a Garda Civil, as masas católicas e conservadoras, pequenos e medianos terratenentes e que contaba co apoio total da Igrexa, tendo a súa maior implantación nas zonas agrarias máis conservadoras e católicas; e o bando a favor da República, que estaban constituídos por xenerais do exército de Terra, a Armada e a mariñeiría, a Aviación, a Garda de Asalto, os partidos de esquerda, o proletariado e a pequena burguesía, quen controlaban as principais cidades e zonas industriais.

Mentres a zona republicana estivo marcada por unha axitada vida política, marcada polos cambios na presidencia do goberno (os máis longos foron os de Largo caballero, setembro de 1936 á primavera de 1937, e Juan Negrin de 1937 ata o final da guerra) e polo enfrontamento entre os partidarios de levar a cabo primeiro a revolución e logo atender a gañar a guerra (anarquistas, CNT-FAI, e trostkistas, POUM) e os que primeiro queren gañar a guerra e logo proceder a completar a revolución (PSOE e PCE). Na zona sublevada impúxose

un réxime cun mando unificado, que acabou con calquera intento de disidencia interna, e que ten dous momentos clave: en outubro de 1936 cando Franco é nomeado Caudillo e Xeneralísimo de todos os exércitos polo goberno de Burgos; en abril de 1937 cando se promulga o decreto de unificación de todas as forzas políticas nun único partido, FET e das JONS.

Pero o conflito civil decontado acadou unha dimensión internacional. A guerra civil española estalou nun momento sumamente crítico nas relacións internacionais. Desde 1936 a tensión entre as grandes democracias europeas (Francia e o Reino Unido) e os réximes totalitarios fascista e nazi alcanzou un punto tal que calquera crise facía temer o desenlace dunha nova guerra mundial. De aí que a guerra de España provocase divisións na opinión pública e espertase a inquietude, sobre todo, nos gobernos británico e francés. Os sectores conservadores e a maioría dos católicos percibírona como unha contenda entre a civilización occidental e o comunismo ateo, mentres que para os sectores populares e intelectuais da esquerda era unha loita pola liberdade e contra o fascismo totalitario.

Segundo o estudo feito por Ángel Viñas o papel xogado polas potencias estranxeiras na contenda civil española e as razóns que as movían a elo poden resumirse no seguinte:

Italia e Alemaña, cos que simpatizaban ideoloxicamente os sublevados, proporcionáronlles axuda financeira, material bélico e voluntarios. A **Italia de Mussolini** estaba moi interesada en contar con España para impoñer o seu soño imperial de dominio no Mediterráneo e no norte de África e enviou un numeroso corpo de voluntarios, coñecida como os *Corpo do Troppe Volontarie* italianos. As forzas sublevadas tamén contaron co apoio de **Portugal**, que enviou aos *Viriatos* (10.000 voluntarios). **Alemaña** xogou un papel fundamental xa que, grazas á súa axuda, os militares puideron atravesar o Estreito de Xibraltar, protexido pola Armada, afín á República. O réxime nazi, interesado en privar a Francia dun aliado no flanco sur e facer da guerra española un campo de probas para o seu material militar e as novas tácticas de guerra, enviou aos nacionais unidades de carros de combate, forzas de defensa aérea e aviación organizadas na chamada Lexión Cóndor (que en abril de 1937 bombardeará Guernica).

Por outro lado, a República case non tivo apoios, excepto a **Unión Soviética** e, en menor medida, México. A URSS, dirixida por Stalin, mostrouse prudente inicialmente mais, coa intervención de Hitler e Mussolini, decidiu colaborar co goberno da República e enviar asesores militares e armas. Esta axuda soviética tivo que ser pagada coas reservas de ouro do Banco de España. O papel dos asesores soviéticos foi clave para iniciar a ofensiva que deu comezo á batalla do Ebro (1938). No caso de **México**, o goberno de Lázaro Cárdenas, acolleu aos exiliados republicanos e defendeu á República nos canles diplomáticos internacionais (Sociedade de Nacións). Ademais, acudiron a participar na Guerra Civil as **Brigadas Internacionais**, partidas de voluntarios procedentes de diversos países, estimulados pola Internacional Comunista ou Komintern en defensa da causa republicana fronte a ameaza internacional do fascismo, que resultaron esenciais para evitar a caída de Madrid no outono-inverno de 1936.

En canto a Francia, aínda que simpatizaba ideoloxicamente co goberno republicano, a Fronte Popular de Leon Blum, non se atreveu a axudar explicitamente á República. A súa principal axuda consistiu en abrir de cando en cando as fronteiras para permitir a chegada da axuda material procedente da URSS. Esta actitude viña motivada polo medo a que Gran Bretaña a deixase soa fronte a un posible ataque da Alemaña nazi. Os británicos, cos conservadores no goberno, prefería un triunfo dos militares golpistas antes que un triunfo republicano que puidese crear no sur de Europa un aliado de Stalin.

Por isto último **Francia** e **Gran Bretaña** promoveu e creación do Comité de Non Intervención, do que tamén formaban parte Alemaña e Italia. Pero isto non fixo máis que beneficiar aos sublevados, xa que mentres a República sufría a falta de chegada de axuda material, alemáns e italianos proporcionaban homes, armas, combustibles e municións aos militares rebeldes. A política de acougamento de británicos e franceses respecto do expansionismo hitleriano ten o seu punto final na Conferencia de Munich (setembro de 1938); perdíase así a última esperanza dos republicanos de que o comezo dunha contenda en Europa supuxese a obriga para as democracias de axudar á República.

Así as cousas o curso da guerra marcaba o camiño cara unha vitoria dos sublevados, aínda que a República evitou a caída de Madrid aos poucos meses de comezar a guerra, non logrou que na primavera e verán de 1937 a franxa norte (Asturias e País Vasco) caesen en mans dos franquistas. En 1938 os rebeldes inician a ofensiva para cortar en dúas a franxa mediterránea en mans da República. Aínda que o exército republicano iniciou a ofensiva do Ebro, o final desta batalla, a máis cruenta e longa da guerra, fixo que Cataluña quedase separada da franxa Madrid-Valencia. En xaneiro de 1939 Cataluña cae en mans dos rebeldes. En marzo o golpe de estado de Casado acelera o final da guerra, que rematará o 1 de abril de 1939 co triunfo do bando sublevado.



TEMA 23: O FRANQUISMO: CARACTERÍSTICAS E INSTITUCIONALIZACIÓN.

O resultado da Guerra Civil (1936-39) foi a consolidación do réxime ditatorial que os sublevados contra a República democrática comezaran a construír na denominada "*España nacional*" dende outubro do 36. Nos seus case 40 anos de existencia, o franquismo mantívose, con escasos cambios, como unha férrea ditadura militar, moi conservadora, baseada na represión feroz dos seus opositores e a eliminación dos dereitos e liberdades dos españois.

A natureza do réxime suscita controversia entre os historiadores: identificación co fascismo (segundo **Fontana** ese sería o verdadeiro franquismo nos anos 40, período no que os trazos fascistas foron máis visibles, saúde, simboloxía... e logo foron desaparecendo ou quedando en segundo plano unha vez que as potencias do Eixe foron derrotadas), ditadura militar unipersoal baseada no nacionalismo español (tal e como di **Tusell**), réxime autoritario... En calquera caso pódese cualificar o franquismo como a ditadura persoal dun militar que, sen contar cunha ideoloxía elaborada, tivo a súa fundamentación ideolóxica no pensamento conservador e católico español, incorporou certos elementos procedentes do fascismo italiano, suprimiu os partidos políticos, os dereitos e liberdades e reprimiu calquera tipo de oposición.

Franco impuxo a vontade do vencedor sustentada no:

- **Exército:** columna vertebral e base do réxime. Servirá del para manter a orde. Os **Tribunais Militares** terán xurisdición sobre delitos políticos. De feito o Estado de guerra mantívose ata abril de 1948. As voces críticas que nel xurdiron foron sempre pouco significativas.

- **Igrexa:** identificouse totalmente co réxime e puxo as bases do nacionalcatolicismo: o franquismo defendeu que a vida política, social e cultural estivese sometida ás directrices da Igrexa católica; en contrapartida a Igrexa converteuse en lexitimadora do réxime franquista. Esta unión de intereses e apoios mutuos deu orixe ao que se coñece como nacionalcatolicismo español. As normas de conduta da Igrexa católica foron impostas á sociedade e os seus símbolos fixéronse omnipresentes. Terá o control da educación e moi cedo xurdirán organizacións laicas, pero vinculadas á Igrexa, que teñen como obxectivo inculcar á sociedade un catolicismo moi conservador, como a Asociación Católica Nacional de Propagandistas ou o Opus Dei.

- **Movemento Nacional** (que integraba o partido único FET y de las JONS) e no aparato propagandístico do Estado.

Presentouse ante os cidadáns como o salvador da España católica que, segundo el, tiña os seus principais inimigos no liberalismo, a masonería (organizacións secretas) e o comunismo.

Os **fundamentos ideolóxicos** que presentará o réxime son:

- Concentración do poder político na figura de Franco, líder indiscutible que foi chamado "Caudillo", a imitación doutros ditadores do período de entreguerras ("Duce", Führer").

- Unha única opción política ("Movemento Nacional") e sindical ("Sindicato Vertical"). Se ben se distinguían varias "familias", que representaban diferentes opinións (falanzistas, católicos, monárquicos...) e que dependendo do momento tiveron máis ou menos peso nos consellos de ministros.

- Anticomunismo (coa Guerra Fría o franquismo reforzará este aspecto para ser aceptado polo bloque occidental).

- Antiparlamentarismo, rexeita a división de poderes e os partidos políticos.
- Nacionalcatolicismo. A igrexa católica dominou a vida social e a educación. Unha estrita moral católica impúxose no público e no privado no país.
- Defensa da unidade da patria. Tratouse de borrar calquera sentimento nacionalista (prohibición de bandeiras, linguas e himnos das diferentes nacionalidades de España).
- Militarismo. O exército foi un dos piares do réxime
- Carencia de liberdades. Control e uniformización cultural. Desde a sublevación até 1945 os españois non coñeceron ningún dereito. Desde 1945 recoñécense dereitos na teoría pero non se exercen na práctica.

O franquismo caracterizouse por unha extraordinaria capacidade de adaptación tanto ao contexto internacional como aos cambios socioeconómicos experimentados polo país durante este longo período. A ditadura para lexitimarse foi construíndo un contexto constitucional, a base dunhas leis fundamentais que responderon as necesidades políticas de cada momento e que definiron o réxime como unha *democracia orgánica* fronte á democracia parlamentaria:

- **Foro de traballo** (1938): Regulamentaba o mundo laboral, complementado pola lei de Unión Sindical de 1940. Inspirada no Foro di Lavoro de Mussolini.
 - **Lei de Cortes** (1942): Creaba as novas Cortes orgánicas con función deliberante e consultiva.
 - **Foro dos Españóis** (1945): Táboa de dereitos e deberes a modo de Carta Outorgada.
 - **Lei de Referendo** (1945): Daba participación á opinión pública para sancionar as leis que decidía o xefe de Estado. Só foi empregada en dúas ocasións: para refrendar a Lei de Sucesión de 1947 e a Lei orgánica do estado de 1967.
 - **Lei de Sucesión** (1947): España quedaba definida como un reino; Franco era ratificado como xefe do Estado.
 - **Lei de principios do movemento** (1958): Establecía os principios inmutables e permanentes do réxime: unidade de España, condición de reino Católico, e unidades naturais na vida social: familia, municipio e sindicato.
- Lei orgánica do Estado** (1967): Compendio definitivo da democracia orgánica, síntese e actualización dos anteriores. Establecía que a xefatura do Estado podía quedar separada da Xefatura do Goberno.

TEMA 24: O FRANQUISMO: AS FORMAS DE OPOSICIÓN AO RÉXIME

Dende os comezos o franquismo tivo que facer fronte a unha oposición ao réxime ditatorial. Esta oposición caracterizouse polos seguintes trazos: falta de unidade entre as distintas forzas que a compoñían, tensións entre o a oposición no interior e a do exilio, influenciada polas circunstancias cambiantes na política exterior do réxime e na evolución da economía e da sociedade españolas.

O que non cambiou foi a actitude do réxime cara ela: sempre actuou cun carácter fortemente represivo que se mantivo nos case corenta anos de ditadura.

Na evolución da oposición podemos distinguir as seguintes etapas e formas:

1ª etapa: 1939-1950

Ao remate da II Guerra Mundial, coa vitoria dos Aliados, os opositores ao réxime alimentaron novas esperanzas de que as potencias europeas exercesen presión sobre Franco. Con este fin, comunistas, sobre todo e anarquistas organizaron movementos de **Guerrillas (os maquis)** nalgúns zonas de España.

Entre 1944 e 1952 a actividade guerrilleira foi moi intensa en Asturias, Galicia, León, Sistema Ibérico e Andalucía. Nas guerrillas tiveron cabida todas as ideoloxías contrarias a Franco, pero a máis significativa foi a comunista (PCE) de quen procedía o sentido organizativo, a conciencia política e a disciplina.

En 1941 nas áreas de Galicia e León créase a Federación de Guerrillas. En Galicia, a guerrilla chegou a contar con 500 membros, e destacaron guerrilleiros coma o famoso "Foucellas". Os movementos guerrilleiros actuaban nas zonas rurais e montañosas e contaban co apoio da poboación pero os máis deles foron eliminados pola Garda Civil, que lles aplicaba a Lei de Bandidaxe e Terrorismo (1947).

A partir de 1950, e como consecuencia das consignas chegadas de Francia de que se debía abandonar a resistencia armada e concentrar a actividade na oposición política, a actividade da guerrilla descendeu considerablemente. A isto non foi allea a grave derrota sufrida no Val de Arán (outubro de 1944).

2ª etapa: 1950-1973:

O fracaso da guerrilla e o recoñecemento do réxime franquista pola comunidade internacional (entrada na ONU en 1955) fixeron cambiar de táctica aos movementos opositores. A partir da década de 1950 o movemento estudantil e o movemento obreiro convertéronse no símbolo da oposición ao franquismo (revolta universitaria de 1956). Nesta etapa producíronse as primeiras protestas: como o boicot aos tranvías de Barcelona en 1951 pola subida do billete, e outras foron reclamacións salariais, como a folga da minería asturiana de 1958.

Os anos sesenta estiveron marcados pola intensificación da oposición, que demandaba a restauración do sistema democrático.

a. A oposición social

Dentro da sociedade xurdirán numerosos focos de oposición:

- **O movemento obreiro:** Fíxose forte arredor dos núcleos industriais das principais cidades. En 1962 aparece un sindicato de ideoloxía comunista, **Comisións Obreiras (CCOO)**, que será o que dirixa este descontento. Entre 1962 e 1966 prodúcense os primeiros conflitos laborais graves (Asturias, Cataluña, País Vasco) e para controlar tanto os líderes como as masas obreiras, o Réxime puxo en práctica todo tipo de medidas represivas.

- **A protesta universitaria:** As primeiras manifestacións de protesta apareceron en 1956 e a resposta do Goberno foi sempre dura: expedientes, detencións, suspensións de

clases, peche de universidades, profesores sancionados e apartados das súas cátedras (Tierno Galván, Aranguren). Desde mediados da década de 1960 os estudantes universitarios reivindicaron a democratización da sociedade española e da Universidade. No ano 1965 desaparece o franquista **SEU (Sindicato de Estudiantes Universitarios)** e no seu sitio xurdirán outros grupos próximos ao PSOE e o Partido Comunista de España. A universidade converteuse nun foco antifranquista e non faltaron os enfrontamentos entre os grupos de ultradereita (*Fuerza Joven, Guerrilleros de Cristo*) e os de ultraesquerda (*Joven Guardia Roja, Jóvenes Libertarios*).

- **O distanciamento da Igrexa:** algúns sectores da Igrexa comprometéronse coa defensa das liberdades e dos dereitos humanos e participarán en organizacións políticas de esquerdas e en manifestacións en contra do réxime: en 1960, 339 sacerdotes asinan un documento denunciando malos tratos e falta de liberdades. En 1971, o cardeal **Tarancón** (arquidiocese de Madrid) é o responsable de que unha Asemblea Conxunta de bispos presente unha resolución na que solicitaba o perdón por non ter colaborado na reconciliación entre españois enfrontados na guerra civil. En 1973, un grupo de bispos solicitaron a revisión do Concordato de 1953 e a separación entre a Igrexa e o Estado, clara mostra do interese da Igrexa española por desmarcarse do réxime de Franco.

b. A oposición política

Os partidos políticos desenvolverán a oposición tanto dende o exilio como a través das súas organizacións internas clandestinas.

Entre os partidos políticos destacou a actividade do **Partido Comunista**, no que tiveron un destacado papel figuras como **Santiago Carrillo** e as emisións clandestinas de Radio Pirenaica, que mantiña informada á oposición no interior. Pola súa parte, o **PSOE** tivo problemas de dirección e de liderado entre os socialistas no exilio (os históricos) e os do interior (os renovados) de xeito que a súa actividade foi menos intensa que a do PCE.

O feito máis significativo da oposición política desta etapa foi a declaración que sobre España fixo o **IV Congreso do Movemento Europeo**, reunido en Múnic en xuño de 1962, e que a prensa do réxime chamou, de xeito pexorativo, “o **Contubernio de Múnic**”. Participaron nel 118 políticos españois de todas as tendencias opositoras ao réxime franquista tanto do interior como do exilio (monárquicos, republicanos, democristiáns, socialistas, socialdemócratas, nacionalistas vascos e cataláns), agás o PCE. A resolución aprobada esixía aos países que quixesen entrar a formar parte dos organismos europeos ter réximes democráticos.

A execución en 1963, do político comunista **Julián Grimau**, acusado de crimes durante a Guerra Civil, fixo ver á oposición que todo continuaba igual.

Tamén nas **nacionalidades históricas** (Cataluña, País Vasco e Galicia) xorden partidos de oposición ao Franquismo ao tempo que se revitalizaban os partidos nacionalistas históricos como ERC ou o PNV. No caso de Galicia fundáronse formacións como PSG (Partido Socialista Galego), UPG (Unión do Pobo Galego) e Galicia Socialista.

c.O terrorismo

No País Vasco, en 1959 fúndase ETA (*Euskadi Ta Askatasuna*, Euskadi e Liberdade) como unha forma radicalizada do nacionalismo vasco. O primeiro asasinato de ETA será en 1968: un garda civil durante un control nunha estrada. En 1970, ten lugar o **Proceso de Burgos** no que 16 membros de **ETA** son condenados a morte por delitos de sangue, mais ante as protestas internacionais Franco viuse obrigado a indultalos. A pena máxima foi conmutada por penas de cárcere.

3ª etapa: 1973-1975:

En plena agonía do franquismo obreiros e universitarios intensificaron a súa actividade a través de folgas, manifestacións e protestas agravadas pola crise económica.

No seo da Igrexa aumentaron os problemas, sendo o máis grave o caso do bispo de Bilbao Monseñor Añoveros, orixinado pola defensa que este fixo nunha carta pastoral do uso do eusquera.

No exército aparecía por primeira vez un grupo que cuestionaba o réxime: a UMD

A actividade terrorista tamén aumentou coa aparición de novos grupos FRAP, GRAPO e co asasinato de Carrero Blanco (decembro de 1973) como momento álxido.

Finalmente a oposición política xuntábase en 1974: a Junta democrática promovida polo PCE e a Plataforma democrática polo PSOE. Finalmente en 1975 xuntaríase na definida pola prensa como Platajunta.



TEMA 30: O FRANQUISMO: POLÍTICA ECONÓMICA

A política económica desenvolvida polo réxime franquista pódese dividir en dúas grandes etapas: a correspondente ás formas autárquicas dos anos 40 e a dos plans de estabilización iniciados en 1959. No medio unha etapa intermedia na que se dan os pasos para o cambio de política.

A autarquía:

O remate da guerra deixara a España nunca situación económica crítica. A política seguida polo réxime nos anos de posguerra, décadas dos 40 e metade dos 50 non ía mellorar esa situación. A política desenvolvida polo réxime nesta etapa baseouse na idea de que España era autosuficiente: política autárquica. Esta política seguía o modelo dos estados fascistas europeos e coincidía co dominio dos falanxistas no goberno (Serrano Suñer). Cronoloxicamente corresponde maioritariamente cos anos da II Guerra Mundial (na que España pasou da neutralidade á non belixerancia e logo á neutralidade) e cos anos posteriores de illamento internacional do réxime.

Na agricultura foron características desta etapa o descenso da produción debido á escaseza de abonos, a falta de maquinaria, a baixa produtividade e a redución da superficie cultivada, o que explica os problemas no abastecemento de alimentos. O Estado interveu a produción agrícola a través do Servizo Nacional do Trigo que obrigaba aos agricultores a entregar a maior parte das colleitas a un prezo regulado. Os labregos procuraban evadir estas obrigas por diversos medios (ocultando as colleitas) e as multas e requisas resultaron ineficaces.

Na industria seguiu a política intervencionista e de feroces restricións legais aos investimentos estranxeiros. Creouse o Instituto Nacional de Industria (INI, 1941) para o control da produción dos sectores industriais básicos, e do que o Estado era o maior inversor e promotor. Baixo estes principios de intervención estatal creáronse empresas estatais en sectores claves coma o siderúrxico, por exemplo ENDESA. A dependencia tecnolóxica do estranxeiro dificultaba que se lograra o obxectivo fundamental da política industrial oficial: a redución drástica das importacións.

No transporte destacou a nacionalización da rede de ferrocarrís de vía ancha e a creación en 1941 de RENFE. As transaccións comerciais estaban fortemente intervidas polo Estado e o comercio exterior organizábase a través dun sistema de licencias e acordos bilaterais mentres que o comercio interior estaba regulamentado pola Comisaría de Abastecementos e Transportes desde 1939.

O mercado era competencia exclusiva do Estado, que se convertía no único vendedor.

Pero os resultados desta política económica foron desastrosos. O PIB retrocedeu a niveis de 20 anos atrás (o de 1935 non se recuperou ata mediados dos 50). O desabastecemento de alimentos e produtos básicos levou a que se tivesen que instaurar a cartas de racionamento. Pero aínda así a xente carecía de produtos de primeira necesidade polo que recorreron ao mercado negro, o estraperlo, co que moitas das autoridades franquistas se enriqueceron. Isto levou a identificar a autarquía e os anos 40 cos anos da fame.

Os inicios da liberalización (1951-1959)

Co inicio da Guerra Fría, o **anticomunismo de Franco** pasou a ser ben visto polos países occidentais, especialmente por EE.UU. Así, en 1951, recupéranse as relacións diplomáticas con este país e regresa a España o embaixador norteamericano; en 1953 asínanse os Pactos de Madrid para a instalación de bases militares americanas en solo

español. En 1950 a ONU revoga a condena ao réxime de Franco e iníciase o **ingreso en organismos internacionais: FAO** en 1951, **UNESCO** en 1952, **ONU** en 1955.

As axudas en divisas, materias primas, bens de equipo e capital chegadas dos Estados Unidos, xunto coa mellora nas colleitas permitiron ir deixando atrás os anos da fame e ir suprimindo as cartillas de racionamento.

En 1957 Franco daba entrada no goberno aos primeiros ministros procedentes do Opus Dei, moi conservadores ideoloxicamente pero preparados tecnicamente. Son os tecnócratas, quen con López Rodó como punta de lanza iniciarán unha reforma da administración e sobre todo porán en marcha unha nova política económica.

O desenvolvemento económico: os Plans de Estabilización (1959-1973)

O Plan de Estabilización de 1959 pon fin ao período da autarquía económica e contou coa aprobación dos organismos internacionais. Puxo en práctica unha serie de medidas orientadas a controlar a inflación, que consistiron basicamente en:

- Reducir créditos ao sector privado, suprimir subvencións fiscais a empresas públicas e axustar gastos e ingresos do Estado
- Redución do gasto público e conxelación dos salarios de funcionarios. Modérase o crecemento salarial en xeral. Tamén se reduce a intervención do Estado na economía.
- A liberalización dos investimentos estranxeiros e do comercio exterior.

En 1962 López Rodó poñía en marcha os Plans de Desenvolvemento. Puxéronse en marcha de aquí a 1975. As liñas básicas de actuación dos mesmos centrábanse en:

- Centráronse na industria facendo medrar certos sectores como o do automóbil, a siderurxia e a química.
- As zonas máis beneficiadas foron Cataluña, País Vasco, Valencia e Madrid.
- As melloras no transporte ferroviario e por estrada foron insuficientes para superar as deficiencias e posibilitar un crecemento maior e máis harmónico.
- A creación de emprego foi escasa.

Por outro lado a agricultura modernizouse o que significou a aparición dun excedente de man de obra no campo polo que se acelerou o a marcha cara as cidades en busca de emprego. Este **éxodo rural** baleirou o campo e trasladou o peso demográfico cara as áreas máis industrializadas e urbanizadas.

Pero o “desarrollismo” vivido nos anos 60 tivo máis que ver con factores extrínsecos á política económica do franquismo que con esta en si mesma. Este factores que contribuíron ao despegue económico do país foron:

- O “baby boom”: o despegue demográfico foi en consonancia co producido nos outros países occidentais trala recuperación de posguerra.
- A emigración: se en España non había case paro non era mérito do réxime, senón que obedecía a que todo o excedente de man de obra atopou traballo en países coma Francia, Alemaña e Suiza. Desde alí mandaban divisas ás súas familias, o que melloraba o nivel de vida destas e tamén enriquecía as arcas do Estado.
- O turismo: España convértese nun destino turístico atractivo. A chegada masiva de turistas estranxeiros axudou ao despegue do sector servizos, sobre todo nas costa mediterránea e nas illas. Ao igual que os emigrantes aportaron unha importante reserva de divisas.
- O investimento de capital estranxeiro: a liberalización económica facilitou a chegada a España de grandes multinacionais coma Peugeot, Renault, Citroen, Nestle...

Os efectos da mellora económica foron visibles nun aumento das clases medias. Estas puideron mandar aos seus fillos á Universidade, o cal acelerou o cambio social en marcha.

Ao mesmo tempo contribuíron á aparición da sociedade de consumo, mostra da cal son as compras de electrodomésticos (neveiras, televisións....) e sobre todo o coche: o SEAT 600 convertese no símbolo deste desarrollismo dos 60.

O crecemento veríase detido cando a partires de 1973 se empezan a sentir os efectos da crise do petróleo. Se ben os efectos notáronse máis a partires de 1975, xa morto o ditador.



TEMA 31: A SITUACIÓN DA MULLER NO S.XX (II REPÚBLICA, FRANQUISMO, GOBERNOS DA DEMOCRACIA.

A pesar do avance do liberalismo no século XIX, a muller seguía sometida a unha sociedade patriarcal: sen dereitos políticos, con inferioridade legal e discriminación laboral. A súa función limitábase ao fogar, xustificada por unha suposta inferioridade biolóxica.

Con todo, foron xurdindo **iniciativas pioneiras femininas**, como a Asociación para la Enseñanza de la Mujer (1870, con Concepción Arenal) ou a Sociedade Autónoma de Mulleres (1897). Mulleres como María de Maeztu ou Victoria Kent protagonizaron as primeiras loitas polo **sufraxio, acceso á educación e dignidade laboral**.

O **século XX** foi un período no que a vida das mulleres españolas pasou por **diferentes etapas**, con momentos nos que as súas reclamacións de participación política foron escoitadas e onde a muller comeza a deixar de ser invisible nun contexto de sociedade patriarcal (durante a Segunda República) e outros de verdadeiro retroceso nos que volveu ao papel pasivo e de subordinación ao varón (durante o franquismo) para acabar o século nun proceso imparabile de empoderamento progresivo que pode ser catalogado de revolución feminista que vai transformar a sociedade española. Ese desafío vai mudar as estruturas herdadas en distintos ámbitos, desde o laboral ata o familiar e o político. **A historia da muller española no século XX marca a evolución da sociedade española e convertese no auténtico motor da loita polos dereitos e a igualdade de xénero.**

Durante o reinado de Alfonso XIII e a ditadura de Primo de Rivera, xurdiron organizacións como a ANME (Asociación Nacional de Mulleres Españolas), co fin e loitar polo sufraxio feminino, a educación e un traballo digno. Nesa década tamén xurdirán diferentes entidades en defensa dos dereitos das mulleres, como a **Unión das Mulleres de España** ou a **Liga Española para o Progreso da Muller**. Dirixidas por unha élite feminina intelectual e moi presente na opinión pública, estas asociacións estaban ligadas ao **institucionismo** (proxecto pedagóxico que tivo a súa máxima expresión da **Institución Libre de Enseñanza**), formándose nese contexto mulleres de gran protagonismo na España das décadas dos 20 e 30 como **María de Maeztu, María Zambrano, Rosa Chacel, Victoria Kent, Clara Campoamor, Margarita Nelken, Maruja Mallo**, etc.

Durante a Ditadura de Primo de Rivera, no novo estatuto municipal, en 1924, dispoñía que no censo electoral de cada municipio houbera un apéndice para as mulleres maiores de 23 anos, non suxeitas á patria potestade, autoridade marital ni tutela e tamén se sinalaba como elixibles a mulleres cabeza de familia, mentres non perdan esta condición. Isto permitiu o **acceso das mulleres ás institucións** (7 mulleres foron alcaldesas durante ese período da ditadura). De feito, na Asemblea Nacional de 1927 houbo unha representación de 15 mulleres.

O fenómeno do sufraxismo ou reivindicación do voto para a muller tamén comeza a desenvolverse no noso país, aínda que sen a mesma forza que noutros países occidentais, como Gran Bretaña ou EE.UU.

Durante a Segunda República (1931–1936) **as mulleres vivirían en España un período de liberdades e avances nunca vistos con anterioridade**. A Constitución de 1931 recoñeceu o dereito ao sufraxio feminino e aprobáronse leis que garantían a igualdade

xurídica e civil (divorcio, matrimonio civil, igualdade no matrimonio, dereitos laborais e educativos).

Figuras como Clara Campoamor, Victoria Kent ou Margarita Nelken accederon ao Parlamento. A educación mixta e coeducativa e o impulso das Misións Pedagóxicas permitiron **reducir o analfabetismo feminino**. O número de mulleres universitarias tamén comezou a aumentar.

O emprego das mulleres era moi numeroso en determinados sectores industriais, caso do conserveiro, o téxtil e o sector servizos. Sen embargo, o colectivo feminino seguía sufrindo unhas condicións laborais peores que o masculino (salarios inferiores, por exemplo, ao non desenvolver moitas mulleres empregos cualificados).

Co **estoupido da Guerra Civil en xullo de 1936**, o papel da muller amosaría trazos distintivos dependendo de se falamos do bando sublevado ou nacional, ou do bando republicano.

No **bando republicano**, entre outros aspectos, destacan, por primeira vez na Historia, a participación dun gran número de mulleres nos combates, antes da súa retirada gradual da fronte cara 1937 (unhas 7.000 **milicianas**, sobre todo, libertarias, chegando algunhas delas á escala de oficiais ou suboficiais) e tamén en funcións de **apoio** na «fronte interna» (traballando na industria de guerra, ou ben como enfermeiras e persoal auxiliar), **rompendo así cos roles tradicionais de xénero**, aínda que foi, en todo caso, un papel accesorio, xa que non houbo un cambio considerable no mundo laboral nin no papel tradicional da muller (moitas se adicaron a tarefas domésticas para os **soldados** e tamén para as súas familias).

Con respecto ao **bando sublevado**, o peso da **Igrexa católica** (no ámbito da moralidade, a educación e dos costumes) e da **Falanxe** (a través da **Sección Feminina** e do **Servizo Social**, creado en 1937), asumiron o rol tradicional da muller, reducida ao **ámbito doméstico**, ao tempo que as necesidades bélicas fixeron necesaria a incorporación de moitas mulleres en ocupacións como enfermeiras ou persoal de apoio, aínda que a diferenza da zona republicana non foron tantas as que traballaron nas industrias. Hai que ter e conta tamén o papel da chamada **Sección Feminina**, creada en 1934 por Pilar Primo de Rivera (irmá do líder falanxista) e que chegaría a ter 400.000 afiliadas durante a guerra, e que se encargaba de traballos de **axuda social** (seguindo o modelo da Alemaña nazi), con tarefas como os servizos médicos (enfermeiras), o coidado de nenos, das persoas desprazadas ou na distribución de axuda aos civís, ao tempo que se recalcaba o **mantemento do modelo da familia española tradicional dentro dun estado patriarcal**.

Coa **vitoria franquista** na Guerra Civil, produciuse un **grave retroceso nos dereitos das mulleres**: anulouse o sufraxio feminino, prohibiuse o divorcio, o adulterio feminino foi penalizado, e a muller volveu estar sometida ao varón, baixo o modelo de familia tradicional imposto pola ideoloxía do nacionalcatolicismo.

A **Sección Feminina da Falanxe**, dirixida por Pilar Primo de Rivera, foi o instrumento ideolóxico do réxime para impoñer o rol da muller como nai e esposa. A educación feminina centrábase nos labores do fogar, a castidade e a obediencia. **Unha muller submisa ao consorte ou á autoridade patriarcal e ao servizo da familia e a igrexa**.

Durante a **etapa desarrollista dos anos 60**, a modernización e o contacto con turistas estranxeiras abriron fisuras neste modelo. Aínda así, a muller seguía sen independencia legal: necesitaba o permiso marital para traballar, abrir unha conta bancaria ou viaxar. Comeza un progresivo proceso de secularización da sociedade e de modernización que no caso das mulleres se traduce nunha chegada en maior número á universidade e a unhas formas de gozo do lecer que significan un escándalo para a rixida moral do réxime. O feminismo vai abríndose paso no mundo da clandestinidade, aínda así, no **plano legal**, seguiron **sometidas** a pais e maridos ata o final do franquismo.

Creación do **Patronato de Protección á muller (1941-1985)**. Institución creada baixo os principios do nacionalcatolicismo para “corrixir” o comportamento de mulleres que segundo a moral da época non era correcto..

Tras a morte de Franco, iniciouse un **proceso de recuperación democrática e dos dereitos das mulleres**. A chegada da **Transición democrática** volve ser un tempo onde a muller recupera aquela visibilidade que comezaba a ter na etapa republicana.

- **1975**: abolición do permiso marital.
- **1978**: nova Constitución reconece formalmente a igualdade entre homes e mulleres.
- **1981**: legalización do divorcio.
- **1985**: despenalización parcial do aborto.

A muller accedeu masivamente á educación superior e ao mercado laboral, aínda que con dificultades: **“teito de cristal”, desigualdade salarial, menores postos de responsabilidade...**

Comezou un novo ciclo de loita feminista, centrado na igualdade real, a liberdade sexual e o recoñecemento do papel social da muller.

Nos anos 80, a creación do **Instituto da Muller (1983)** e a progresiva entrada das mulleres no mundo profesional marcaron un cambio irreversible. O movemento feminista reclamou **igualdade salarial, fin da violencia de xénero e dereitos reprodutivos**.

No século XXI, a loita pola igualdade continúa con avances legislativos:

- **Lei Integral contra a Violencia de Xénero (2004)**
- **Lei de Igualdade Efectiva (2007)**

As mulleres alcanzaron **cargos políticos de alta responsabilidade**, e a súa presenza en universidades, empresas e administracións segue en aumento. Con todo, persisten importantes retos:

- A **brecha salarial** (13 % no público, 19 % no privado)
- A **violencia machista** continúa sendo unha lacra social
- A persistencia de **estereotipos** nos medios de comunicación
- A carga maioritaria no coidado de nenos e persoas dependentes
- **Maior taxa de paro feminino** e menor acceso a postos directivos

A pesar dos avances, o **feminismo segue sendo necesario** como motor de transformación social, buscando unha igualdade real no ámbito familiar, laboral e social.

TEMA 32: A TRANSICIÓN E A CONSOLIDACIÓN DA DEMOCRACIA EN ESPAÑA

O final do franquismo e os primeiros pasos da transición (1973–1976)

A crise económica de 1973 revelou os límites do modelo franquista. A morte de Carrero Blanco (1973) privou ao réxime da súa continuidade. A sociedade mostraba un claro distanciamento dos valores franquistas e aumentaban as protestas laborais, estudantís e os intentos de unión da oposición democrática (Xunta Democrática e Plataforma de Convergencia).

Coa morte de Franco en novembro de 1975, **Xoán Carlos I foi proclamado rei** e comezou a chamada Transición. Comezaba así o **proceso de transición**: o cambio da ditadura cara a democracia. A Transición á democracia en España comeza polo tanto en novembro de 1975, coa morte de Franco e a proclama como rei de Xoán Carlos I de Borbón, se ben existe consenso na data de inicio, non acontece o mesmo sobre o seu final: para uns estaría na aprobación da Constitución en decembro de 1978, en cambio outros-a ampla maioría na actualidade-prolongan a Transición ata outubro de 1982 co triunfo electoral do PSOE, momento que accede ao poder un partido que provén da oposición antifranquista e xa tivera responsabilidades de goberno na II República. España seguía o camiño doutros estados Arias Navarro, último presidente franquista, foi mantido no cargo, pero a súa ineficacia e o afastamento do rei levaron á súa dimisión. Foi substituído por **Adolfo Suárez** en 1976, quen iniciou un proceso de desmontaxe do franquismo “de lei a lei”.

A clave legal foi a **Lei para a Reforma Política (LRP)**, aprobada polas Cortes franquistas e en referendo popular en decembro de 1976. Iniciábase a **voadura controlada do franquismo** Recoñecía a soberanía popular e establecía a convocatoria de eleccións democráticas.

A chegada da democracia e a Constitución de 1978

Suárez legalizou os partidos políticos (incluído o PCE en Semana Santa de 1977) e convocou as primeiras eleccións democráticas o **15 de xuño de 1977**. A UCD (centro-dereita) foi a forza máis votada, seguida polo PSOE e o PCE. Iniciouse a redacción dunha nova Constitución baseada no **consenso entre forzas ideoloxicamente diversas**.

A **Constitución de 1978**, aprobada o 6 de decembro en referendo, estableceu:

- España como **Estado social e democrático de Dereito**.
- **Monarquía parlamentaria** con soberanía popular.
- Recoñecemento da **pluralidade política, cultural e lingüística**.
- **Estado autonómico** con dúas vías (artigos 143 e 151) para acadar distintos niveis de autogoberno.

- Dereitos fundamentais: liberdade de expresión, igualdade, vivenda, traballo, etc.
- División de poderes e garantías democráticas.

Foi unha **Constitución longa, ambigua e ríxida**, deseñada para evitar exclusións e permitir gobernabilidade en contextos políticos diversos.

A consolidación democrática e os gobernos de Suárez e Calvo Sotelo (1977–1982)

O goberno de Suárez impulsou reformas clave:

- **Pactos da Moncloa** (1977): acordos económicos e sociais para estabilizar a economía e evitar conflito social.
- Iniciouse o **proceso autonómico** con Cataluña e Euskadi.
- Reforma do exército, fiscalidade (introdución do IRPF) e proxección exterior (acercamento á CEE).

Pero UCD era unha coalición heteroxénea (partido arquipélago segundo a prensa do momento) e foi debilitándose polas loitas internas, falta de maioría e ataques da esquerda (PSOE) e a dereita (AP).

A situación empeorou coa **crise económica**, o **terrorismo** (ETA, GRAPO), e rumores de golpe militar. En **xaneiro de 1981**, Suárez dimitiu e foi substituído por **Calvo Sotelo**.

Durante o seu mandato:

- Se aprobou a **Lei do divorcio**.
- Iniciouse o **proceso de entrada na OTAN**.
- Xestionouse a crise do golpe de Estado do **23F de 1981**, que fracasou grazas á intervención do rei e ao rexeitamento social.

Pero a debilidade da UCD e escándalos como o **caso da colza** ou a nova crise do petróleo precipitaron eleccións en **outubro de 1982**.

Gobernos do PSOE e modernización (1982–1996)

O **PSOE**, liderado por **Felipe González**, gañou as eleccións con maioría absoluta. Comezou unha etapa de 14 anos de gobernos socialistas (1982–1996) marcados pola **modernización, integración europea e reformas sociais**.

Principais reformas:

- Modernización do **exército**, da **administración pública** e do sistema **legal e educativo** (LODE, LOXSE, LRU).
- Reforma do **Código Penal** e introdución de novos delitos (acoso, branqueo de capitais...).
- **Despenalización parcial do aborto** (1985).

- Modernización de infraestruturas: AVE (1992), autovías, aeroportos.
- Universalización da **sanidade, pensións non contributivas** e políticas de emprego (PER, ZUR).
- Apertura internacional: entrada na **CEE (1986)**, referendo da **OTAN**, **Conferencia de Madrid sobre Oriente Medio**.

Etapas da política económica:

- 1982–1985: axuste (reconversión industrial, expropiación de Rumasa). Aumentou o paro.
- 1985–1990: crecemento económico, pero tamén **folga xeral de 1988** pola moderación salarial e cambios nas pensións.
- 1990–1993: recesión (privatizacións, déficit), inicio da adaptación ao **Tratado de Maastricht**.
- 1993–1996: recuperación e reforma fiscal, pero tamén **escándalos e corrupción**.

Crise do PSOE e conclusión da transición (1996)

A finais da etapa socialista, o PSOE perdeu apoio por varios **escándalos**:

- Caso Guerra (enchufismo), Filesa (financiamento ilegal), corrupción financeira (Mario Conde, De la Rosa), e sobre todo os **GAL**, grupo parapolicial contra ETA.
- En 1996, o PSOE perde as eleccións e chega ao poder o **PP de Aznar**.

Para moitos historiadores, **o triunfo do PSOE en 1982 marca o fin da Transición**, coa chegada ao goberno dun partido da oposición antifranquista, e a consolidación da democracia. Para outros, o proceso remata en 1996, cando se logra a alternancia total e normalizada no poder.

Valoración histórica da Transición

A Transición é considerada por moitos como un **modelo de cambio pacífico**, baseado no consenso e na reconciliación. Para outros, deixou **déficits democráticos** e non resolveu certas cuestións (monarquía, memoria histórica, centralismo/autonomía...).

A súa valoración depende da óptica ideolóxica, pero sen dúbida foi un proceso clave que permitiu a España **converterse nun estado democrático e europeo**, superando unha ditadura sen violencia xeneralizada.

TEMA 33: ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO (CEE, INTEGRACIÓN INTERNACIONAL, CONFLICTOS E MISIÓN DE PAZ)

Da marxinación ao recoñecemento internacional

O século XIX termina para España cun papel insignificante a nivel mundial. A derrota no 1898 (perda de Cuba e Filipinas) marcou a crise do modelo político español.

O século comezaba ademais cun deterioro da credibilidade da monarquía e do seu sistema político, a Restauración. O final dese sistema pola substitución dunha ditadura militar acabou por esgotar o escaso crédito que lle quedaba a Alfonso XIII, se ben, eses anos vinte significaron un proceso de modernización das infraestruturas e un aumento dos indicadores de produción que terminaron abruptamente pola **crise económica mundial dos anos trinta**. Así, con ese panorama crítico a nivel internacional, nacia a **Segunda República (1931-36)**, un réxime que abordou unha chea de reformas coa intención de acabar cos principais problemas do país, pero que ao afectar nas súas medidas aos intereses particulares do bloque de poder tradicional en España (terratenentes, Igrexa, patronal e Exército), contribuíu a crear un ambiente político e social cada vez máis polarizado. **A Guerra Civil** foi un acontecemento moi seguido no exterior. Os fascismos apoiaron ao bando rebelde mentres que a URSS respaldou ao exército republicano a pesar do chamamento internacional a non intervención.

Durante o **franquismo**, España permaneceu **aillada internacionalmente**, debido á súa natureza ditatorial e a orixe fascista do réxime. A súa posición mellorou coa Guerra Fría e os acordos con **EE.UU. (Pactos de 1953)**, que permitiron o establecemento de bases militares. En **1955 ingresou na ONU**, e en 1959 comezou unha apertura económica co **Plan de Estabilización**, pero a falta de democracia impediu a súa entrada na CEE.

A Transición e a apertura exterior

Coa morte de Franco en 1975 e a chegada de Xoán Carlos I, España inicia a **Transición Democrática**. Os gobernos da UCD (Suárez e Calvo Sotelo) impulsaron:

- Novos **acordos co Vaticano** (1979)
- O **ingreso na OTAN** (1982, moi criticado pola esquerda)
- Mellora das relacións con Hispanoamérica e o mundo árabe
- **Relacións bilaterais con Israel** a partir de 1986

A **Conferencia de Madrid (1980)** sobre seguridade europea confirmou a apertura diplomática española.

Entrada na CEE e consecuencias (1986)

O ingreso na **Comunidade Económica Europea (CEE)** foi negociado durante anos e formalizado o **1 de xaneiro de 1986**, sendo un fito histórico que consolidou a democracia española, estimulará a **modernización e a competitividade da economía española**, iniciando un proceso de flexibilización do mercado laboral, de adaptación aos avances da terceira fase da revolución industrial, de privatización das empresas dos sectores industriais

básicos en mans do Estado, de promoción da economía de mercado. España ampliaba o mercado e as súas expectativas de venda a unha poboación moito maior, abandonando así o atraso que sufría dende había décadas, tamén beneficiou aos socios europeos que incrementaron os seus investimentos e as súas vendas en España.

Impactos principais:

- **Político:** afianzamento da democracia e visibilidade internacional
- **Económico:** modernización do país, privatización de empresas públicas, adaptación á economía de mercado e á competencia europea
- **Axudas europeas:** fondos como o FEDER e o Fondo de Cohesión permitiron mellorar infraestruturas...
- **Problemas no sector primario:** cotas pesqueiras e agrícolas, e perda de protagonismo en zonas rurais
- **Social e cultural:** consolidación do **Estado de Benestar**, acceso universal á sanidade e educación, e programas de mobilidade como Erasmus

España converteuse nun actor clave na UE, pero con retos persistentes: alto desemprego xuvenil, baixa inversión en I+D+i, economía somerxida e dependencia do turismo e da construción.

España practica unha política dentro da UE de achegamento a Alemania, Francia ou Italia. Un dos obxectivos é o de **formar parte do grupo de países máis influíntes**, para beneficiarse dos logros da UE (Fondo de Cohesión, política de asilo e inmigración...) e para favorecerse nas relacións internacionais en aspectos como a firma de acordos pesqueiros con África.

A política exterior desde os anos 90 ata hoxe

España participou activamente na vida internacional:

- **Relacións privilexiadas coa UE, Hispanoamérica, o norte de África e EEUU**
- Participación en foros como ONU, OCDE, Banco Mundial, FAO...
- Impulso da **diplomacia económica**, para defender os intereses e a imaxe de España no exterior, a través de multinacionais como Repsol ou Inditex e a través dun **incremento do comercio exterior español** e das relacións financeiras internacionais; o que fala da **integración da economía española no ámbito mundial**, ocupando unha posición intermedia.
- Ademais practica unha **diplomacia cultural** para promover as relacións culturais internacionais e **difundir a riqueza e cultura do país**.

España ocupa unha **posición estratéxica** como ponte entre Europa, América Latina e o mundo árabe. España, dende mediados dos 90, pasou de ser un país de tránsito a converterse nun **destino de migrantes**. Pola súa posición xeográfica forma parte da fronteira sur da UE o que a impulsa a reclamar unha política migratoria común toda vez que ve moi tensionadas de migrantes irregulares as costas máis próximas a África.

A **situación estratéxica de España**, nunha encrucillada de camiños, condicionou a orientación da súa política exterior: interlocutor válido nas relacións europeas co mundo Mediterráneo, en especial, co norte de África e mediador da política europea con América.

A relevancia da nosa política exterior medrou a finais dos anos oitenta tras o ingreso de España na CEE. Co PSOE no goberno perfiláronse os **eixos da política exterior: Europa en primeiro lugar, Norte de África, en especial Marruecos, polas cuestións fronteirizas e de mercado enerxético, e Latinoamérica**, participando en todos os cumios dos países de América Central e Sur. Por suposto, **o feito de pertencer á OTAN e de ser un país da órbita occidental fai que teña unha relación de amizade e de aliado político con USA.**

OTAN, conflitos armados e misións de paz

Desde os anos 80, España implicouse cada vez máis en **misións militares e humanitarias internacionais**, baixo mandatos da **ONU, OTAN e UE**:

- **UNIFIL (Líbano), Bosnia (UNPROFOR, EUFOR Althea), Somalia (EUNAVFOR), Afganistán (2001-2021), Irak (1991 e 2003), Centroáfrica, Colombia, Mali, Senegal...**
- Primeira intervención: **Angola (1989)**
- En total: máis de **160.000 soldados despregados e 170 baixas** ata 2024

A participación española contribuíu á súa imaxe como **aliado estable** e promotor da paz.

Evolución dos gobernos e a política exterior

- **Aznar (PP, 1996-2004)**: achegamento a EE.UU. (Cumio das Azores, guerra de Irak 2003), apoio ao **Tratado de Niza**. A guerra de Irak erosionou a súa popularidade.
- **Zapatero (PSOE, 2004-2011)**: retirada de tropas de Irak, retorno ás prioridades europeas, impulso da **Alianza de Civilizacións** (2007, ONU), reforzo do papel da ONU como marco de intervención.
- **Rajoy (PP, 2011-2018)**: prioridade á crise económica. Creación da **Marca España (2012)** para mellorar a imaxe exterior. Apoio internacional fronte ao proceso independentista catalán (2017).
- **Pedro Sánchez (PSOE, 2018-)**: ampliación de misións exteriores, cambio de postura respecto ao Sáhara Occidental (apoiado á proposta marroquí), papel activo no recoñecemento do **Estado Palestino (2024)** e continuidade das alianzas europeas e atlánticas. Postura compartida co resto da Unión Europea a favor de **Ucráina** e a retirada de Rusia do territorio ucraniano e a fin da guerra.

Conclusión

España pasou de estar **aislada internacionalmente** a ser un **actor relevante nas relacións internacionais**. A súa participación en organismos como a **CEE/UE, OTAN, ONU** e o seu papel como ponte entre continentes reflicte a evolución dunha política exterior **moderna, activa e influente**.

TEMA 34: EVOLUCIÓN E CAMBIOS NA ESPAÑA ACTUAL (Globalización económica e cultural, o Estado de Benestar, inmigración, mobilización cidadá e transición ecolóxica)

A partir dos anos 90, co fin da Guerra Fría e o colapso da URSS, o neoliberalismo impúxose como modelo dominante a nivel global, impulsando a **globalización económica e cultural**. Este proceso trouxo consigo a liberalización dos mercados, menos regulación dos mercados e a expansión das multinacionais, un proceso imparable de **globalización dos fluxos de capital, mercadorías, información e mesmo persoas, auspiciado polo protagonismo indiscutible das multinacionais**. con grande impacto sobre o modelo produtivo e social español.

En España, tras case catro décadas de ditadura, a Transición e os gobernos democráticos (especialmente o de Felipe González entre 1982-1996) impulsaron a modernización económica, a mellora dos servizos públicos e a equiparación cos países da Europa occidental. A sociedade tornouse máis plural, laica e con maior presenza das mulleres no ámbito profesional.

Ese novo tempo consolidado a finais do século XX, grazas ao avance nas tecnoloxías da información e comunicación e ao abaratamento dos medios de transporte, implicou unha descentralización produtiva das grandes empresas, globalización trouxo tamén unha forte deslocalización industrial que afectaron a España. A dixitalización e a automatización intensificaron a reconversión produtiva e elevaron a esixencia de cualificación. Os traballadores deben adaptarse á formación continua, mentres que moitos postos mecánicos foron substituídos por robots, aumentando a produtividade, pero tamén a **precariedade e a temporalidade laboral**.

Como consecuencia o mercado laboral experimentou un **proceso de flexibilización cun aumento da temporalidade** e unha enorme variedade de situacións contractuais. A industria sométese a nunha profunda metamorfose debido á **dixitalización dos procesos produtivos, ao desenvolvemento da intelixencia artificial, a robotización ou a explotación do big data**. Os ocupados deben ter un nivel educativo máis elevado e nas empresas impónse a formación continua. As tarefas máis mecánicas ou repetitivas son destinadas aos robots que elevan a produtividade das empresas. Esa redución de man de obra empregada no sector secundario e a **desindustrialización** desencadeou a crise ou o **declive de certos espazos de tradición industrial**, como a ría de Bilbao, Asturias, Sagunto, baía de Cádiz, Ferrol ou o Baixo Llobregat en Cataluña, especializados en sectores maduros (tèxtil, siderurxia, construción naval...) onde os procesos de reconversión industrial non sempre foron exitosos.

A crise económica de 2008, iniciada no sector financeiro, puxo fin ao **boom inmobiliario** e afectou gravemente ás PEMES. Estas víronse na obriga de reestruturarse para defenderse mellor da crise e dos cambios tecnolóxicos e ser competitivas no mercado. A maiores, **a crise do mercado interior abocou ás empresas a intensificar a súa internacionalización** Isto marcou un cambio de ciclo e abriu paso a un modelo económico máis inestable, desigual e condicionado polos mercados globais.

No eido cultural, a globalización supuxo a difusión de pautas e valores occidentais. O turismo converteu a España nun destino mundial, **España polo seu atractivo turístico está ben situada** atraendo visitantes europeos, asiáticos e latinoamericanos, que buscan gastronomía, clima, patrimonio e fútbol.

Este fenómeno da globalización provocou tamén un crecemento sostido da **inmigración**, especialmente desde mediados dos anos 90. España convértese nun **país de oportunidades para moitos inmigrantes o que nos aboca ao reto de integrar esa multiculturalidade**. O cosmopolitismo e este mestizaxe chegados polo maior grao de internacionalización de España esperta tamén debates sobre a preservación da identidade cultural e os valores tradicionais.

España pasou de ser un país de emigrantes a ser receptor, con poboacións procedentes de Iberoamérica, Romanía, Marrocos ou África subsahariana. A inmigración transformou os barrios urbanos (como o Raval en Barcelona), xerando **novos retos de integración multicultural e identidade**.

Ao mesmo tempo, os discursos de rexeitamento e **forzas políticas populistas e xenófobas** como Vox ou Alianza Catalana comezaron a gañar apoio, especialmente en zonas cunha alta concentración de inmigrantes e emprego precario, como o agro andaluz ou as áreas metropolitanas.

Por outra banda, **entre 1986 e 2005**, leváronse a cabo **9 regularizacións de cidadáns estranxeiros** sen permiso de traballo ou residencia. Esta inmigración irregular é, sobre todo, de orixe subsahariana, fenómeno que se potenciou sobre a partires da **regularización de 1996**, cando se produciu o primeiro «boom» da **inmigración subsahariana** e o seu acceso ao mercado laboral (agricultura, construción, servizos, venda ambulante...), triplicándose o número de migrantes nos anos posteriores, sendo **Cataluña, Valencia, Andalucía e Madrid** as comunidades autónomas con maior presenza do colectivo de orixe subsahariano.

Ceuta, Melilla, as costas andaluzas e as Illas Canarias están sometidas a unha **forte presión migratoria** (a maior parte dos subsaharianos tratan de entrar ilegalmente por eses puntos, tanto por **terra** como por **mar**, usando neste caso pateras e cayucos), rexistrándose, en ocasións traxedias como o asalto masivo á fronteira de Melilla no 2022, con 30 falecidos.

A inmigración irregular foi en aumento. En 2023 rexistráronse máis de 56.000 entradas ilegais, moitas delas por vía marítima, con máis de 11.000 falecidos intentando chegar a costas españolas. Esta situación derivou en **acordos con países do norte de África** para frear os fluxos a cambio de axuda económica, e tamén fomentou políticas de regularización e control fronteirizo.

Desde a Transición, España apostou por un **modelo de Estado de Benestar**. **O Estado de Benestar** é unha política que comparten os diferentes partidos políticos. A idea de ter un Estado asistencial, que procure uns mínimos de calidade de vida para toda a cidadanía e a creación dun sistema fiscal progresivo que estableza maior carga tributaria en función da renda e que permita unha sustentabilidade dos servizos públicos, **garante uns índices maiores de xustiza social** con acceso universal a servizos públicos (educación, sanidade,

pensións). Con todo, **a crise de 2008** e os gobernos conservadores (PP) aplicaron recortes, reducindo o financiamento e abrindo a porta á privatización de parte dos servizos.

O **sistema de pensións**, sostido por cotizacións dos traballadores activos, enfróntase ao reto do **envellecemento poboacional**: baixa natalidade, maior esperanza de vida e desequilibrio xeracional (os “baby boomers” xubilándose). A inmigración achegou certa solución temporal, ao cubrir vacantes laborais e contribuír á Seguridade Social, pero a viabilidade a longo prazo está en debate.

A **crise de 2008** provocou tamén unha **vaga de indignación social**, sobre todo entre a mocidade, afectada polo desemprego, salarios baixos e o alto custo da vivenda. En 2011 xurdiu o **movemento 15M**, impulsado por redes sociais e a plataforma “Democracia Real Xa!”: **cambios na lei electoral, cumprimento dos dereitos básicos da Constitución, unha condena da corrupción política, a recuperación da memoria histórica e a creación dunha banca pública**. Foron protestas pacíficas que reclamaban unha democracia participativa, condenaban a corrupción, a banca privada e o bipartidismo PP-PSOE.

Do 15M xurdiron iniciativas como as **“mareas”** en defensa dos servizos públicos e plataformas como “Stop Desafuzamentos”. En 2014 nace **Podemos**, liderado por Pablo Iglesias, como instrumento político da cidadanía indignada. O partido logrou representación e chegou ao goberno en coalición co PSOE (2018-2023). Con todo, tras as eleccións de 2023, Podemos rompeu con Sumar e pasou ao grupo mixto no Congreso, evidenciando a **fragmentación da esquerda**.

A sociedade española tamén respondeu á crise cun forte **compromiso cívico e solidario**. ONGs e voluntarios impulsan programas en cooperación internacional (educación, sanidade, infraestruturas) e no ámbito social, atendendo a colectivos vulnerables. Destacan entidades tradicionais católicas como Cáritas e organizacións laicas, que actúan ante a pobreza, a exclusión e as desigualdades.

No plano ambiental, crece o **voluntariado ecolóxico**, mentres que a conciencia cidadá leva a unha maior implicación en causas como o cambio climático ou os dereitos humanos. España incorporouse tarde á cooperación internacional, pero desde os 90 o compromiso co desenvolvemento sostible medrou coa participación cidadá e institucional.

A globalización tamén trouxo conciencia dos desafíos comúns, como o **cambio climático**. España, como membro da UE, asumiu compromisos para reducir as emisións, potenciar enerxías renovables (solar e eólica), fomentar a eficiencia enerxética e impulsar unha **economía circular**, reducindo refugallos e reaproveitando recursos.

En 2018 creouse o **Ministerio para a Transición Ecolóxica**, que lidera estas políticas cun enfoque integral: preservación da biodiversidade, sustentabilidade e adaptación ao cambio climático. Estes retos, compartidos co resto do planeta, esixen colaboración, tecnoloxía e vontade política.